

ORGANIZA

Club Olímpico de Vedra
Concello de Vedra
Ocean Lava Planet
Federación Galega de Triatlón e P.M.

PATROCINAN

Ulla Oil S.L.
Agua km Cero
Abanca
Galicia Saudable
Deporte Galego
Bicicletas Oliveira
Ramsa Grupo Ferroatlántica

COLABORAN

Alquimao S.L.
Galitiming
Covirán Carrillo
Secretaría Xeral para o Deporte
Artio

CONTACTO

Juan Carlos Bouzón Picón
Teléfono: 619713740
Email: olimpicodevedra@hotmail.com

DATA E LUGAR:

Sábado 9 de marzo de 2019
Vedra. Avenida M. Manuel Gómez Lorenzo, 15885 Vedra.

MODALIDADE:

A proba disputarase sobre a modalidade de duatlónn contrarreloxo por equipos. Equipos de 4 a 6 compoñentes, rexendose polo regulamento de competicións da Federación Española de triatlón para este tipo de probas.

DISTANCIA

Disputarase sobre distancia sprint (5 km carreira - 20 km ciclismo - 2,5 km carreira).

PREZO DA INSCRIPCIÓN:

80 EUROS POR EQUIPO

COMPETICIÓNS

OCEAN LAVA GALICIA DUATLÓN POR EQUIPOS 2019:

Todos os clubs con licenza autonómica, nacional ou estranxeira.

Máximo un equipo masculino e un equipo feminino por club.

Cada equipo terá entre 4 e 6 deportistas do mesmo sexo e club.

Poderán combinarse dentro do mesmo equipo deportistas de distintas categorías de idade de cadete en adiante.

Os equipos iran uniformados do mesmo xeito, seguindo a normativa FETRI

EQUIPOS CON LICENZA AUTONÓMICA GALEGA:

Puntuarán ademais para o Campionato Galego de Duatlón por Equipos

OCEAN LAVA GALICIA DUATLÓN POR EQUIPOS OPEN 2019

Todos os clubs con licenza autonómica, nacional ou estranxeira.

Cantos equipos por club se desexe (A,B,C), ata completar inscrición.

Cada equipo terá entre 4 e 6 deportistas do mesmo sexo e club.

Poderán combinarse dentro do mesmo equipo deportistas de distintas categorías de idade de cadete en adiante.

Os equipos iran uniformados do mesmo xeito, seguindo a normativa FETRI

OCEAN LAVA GALICIA DUATLÓN POR EQUIPOS PROMOCIÓN 2019

Equipos compostos por deportista sen licenza federativa e/ou deportistas federados con licenza independente

Nesta categoría non se permitirán deportistas con licenza por un club, agás daqueles clubs que non den reunido a 4 deportistas para formar un equipo, tendo en conta que en ningún caso o resultado será certificado para o club federado, senon que os/as deportistas participarán a través da súa licenza, pero de xeito individual integrados/as nun equipo popular, ao igual que independentes e non federados.

Os compoñentes non federados deberán facer a licenza de un día. Custe de 12 €

Cada equipo terá entre 4 e 6 deportistas do mesmo sexo.

Poderán combinarse dentro do mesmo equipo deportistas de distintas categorías de idade de cadete en adiante.

Os equipos, na medida do posible, iran uniformados do mesmo xeito.

Nº DE PRAZAS

120 equipos en total (sen contar os equipos do campionato galego)

As prazas concederanse por rigurosa orde de inscrición. sen importar a categoría (masculina ou feminina) nin a cantidade de equipos que inscriba cada club.

Unha vez completada abrírase a lista de espera.

No campionato galego masculino e feminino non haberá límite de equipos.

INSCRICIÓN DE EQUIPOS:

**Dende 10:00 do luns 3 de decembro de 2018
ata as 23:59 do venres 22 de febreiro de 2019.**

Realizarase on-line, na web da Federación Galega de Tríatlon www.fegatri.org, no apartado Competicións /Regulamentos-Inscripcións. Pinchar sobre a carreira e ir ó enlace que desexen:

- **INSCRICIÓN DE EQUIPOS OCEAN LAVA 2019.**
- **INSCRICIÓN DE EQUIPOS OCEAN LAVA OPEN 2019.**
- **INSCRICIÓN DE EQUIPOS OCEAN LAVA PROMOCIÓN 2019. Deportistas con licenza de 1 día e/ou independentes.**

O pago faise a través de TPV.

Os equipos estranxeiros, no momento da inscrición dos deportistas (deberán enviar un certificado da federación nacional correspondente de que cada deportista do equipo posúe licenza polo mesmo club e ten cobertura de seguro deportivo internacional na proba de referencia. O certificado será enviado a fegatri@hotmail.com

BAIXAS DE EQUIPOS E POLÍTICAS DE DEVOLUCIÓNS

Ata as 23:59 do venres 22 de febreiro de 2019, data de peche da inscrición de equipos, poderán darse de baixa os equipos sen custo algún. Deberán solicitarse ao correo electrónico www.fegatri.org .

A partir dese momento non se devolverán os importes das inscricións.

As devolucións das baixas comunicadas en tempo e forma serán aboadas na semana seguinte á celebración da proba.

No caso de inscricións incompletas (falta de documentación) finalizado o prazo de inscrición, estas serán anuladas e non se farán devolucións.

INSCRIPCIÓN DOS COMPOÑENTES DOS EQUIPOS

Dende as 10:00 do LUNS 7 de xaneiro ata as 23:59 do MARTES 5 de marzo de 2019.

Realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Tríatlon www.fegatri.org, no apartado Competicións /Regulamentos-Inscripcións. Pinchar sobre a carreira e ir ó enlace Inscripción e acceder a través do apartado FEDERADOS CLUBES ou FEDERADOS INDEPENDENTES e introducirán os datos necesarios e o nome do equipo, (Exemplo EQUIPO A, B,... no caso dos equipos de clubs nacionais ou “EQUIPO NOME XXXX” no caso dos equipos estranxeiros e de Promoción) na casíña correspondente.

Cada equipo poderá inscribir 6 deportistas máis 2 reservas aos efectos de realización de cambios ata o prazo establecido.

- **DEPORTISTAS FEDERADOS DE CLUBS CON LICENZA NACIONAL**

Dentro da carreira picarán na ligazón **INSCRIPCIÓN COMPOÑENTES DOS EQUIPOS. FEDERADOS**, e introducirán o código do club (código a utilizar o mesmo que o do programa de licenzas). Cada equipo poderá inscribir 6 deportistas máis 2 reservas que indicará.

- **PARTICIPANTES CON LICENZA DE OUTRO PAÍS**

Dentro da carreira picarán na ligazón **INSCRIPCIÓN COMPOÑENTES DOS EQUIPOS NON FEDERADOS**. Unha vez aí introducirán os datos e o **nome do equipo***. Cota licenzas de 1 día 12€- A aboar a través de TPV.

Deberán enviar antes do peche das 23:59 do martes 5 de marzo de 2019 ao correo fegatri@hotmail.com certificado da súa federación de estar en posesión de licenzas polo club correspondente, con cobertura de seguro deportivo internacional na proba de referencia. Unha vez presentada e validada a certificación, realizaráselles a devolución do importe da cuota de licenzas de 1 día, na mesma conta de pagamento a través do TPV. **En caso de non facelo o equipo competirán na proba de promoción.**

- **DEPORTISTAS INDEPENDENTES CON LICENZA NACIONAL**

Dentro da carreira picarán na ligazón **INSCRIPCIÓN COMPOÑENTES DOS EQUIPOS. FEDERADOS**. Introducirase número de licenzas, data de nacemento e **nome do equipo de promoción***.

- **PARTICIPANTES NON FEDERADOS (LICENZA DE UN DÍA)**

Dentro da carreira picarán na ligazón **INSCRIPCIÓN COMPOÑENTES DOS EQUIPOS. NON FEDERADOS**. Cota licenzas de 1 día de 12€. A cota aboarase online a través de TPV. Unha vez aí introducíranse os datos e o **nome do equipo de promoción**. Os equipos de promoción poderán incluír ata 2 reservas, sen custo se son deportista independentes federados e aboando a cota de licenzas de 1 día no caso de deportistas non federados. A cota de dita licenzas de 1 día dos reservas non federados será devolta na semana seguinte a celebración da proba.

CAMBIOS DOS COMPOÑENTES DOS EQUIPOS

Ata as 11:59 a.m. do XOVES 7 de marzo, poderán efectuarse cambios dentro da composición dos equipos.

Os cambios poderán ser de titulares dos equipos por reservas ou entre equipos para aqueles clubs que teñan varios equipos inscritos. Estes cambios faranse só entre deportistas xa inscritos en prazo. **Non se poderán engadir novas inscricións.**

Para efectuar cambios nos compoñentes dos equipos enviarase un mail ao correo da Federación Galega fegatri@hotmail.com.

Unha vez rematado o prazo non poderá efectuarse baixo ningún concepto cambios nos compoñentes dos equipos.

PUBLICACIÓN DE LISTAS DE INSCRITOS.

- **Publicación lista provisional de inscritos**

xoves 7 de marzo publicarase a lista provisional de inscritos (esta admite reclamacións cando no listado se da algún erro debido ao manexo dos datos pola Federación, por exemplo, baixas ou cambios solicitados en tempo que non aparecen no listado, ...). É moi importante revisar este listado para ter opción a reclamar se houbo algún erro no mesmo.

- **Publicación lista definitiva de inscritos**

O venres 8 de marzo publicarase a lista definitiva (esta é firme e non admite xa cambio algún).

PUBLICACIÓN DO ORDE E OS HORARIOS DE SAÍDA DOS EQUIPOS

O Luns 4 de marzo efectuarase o sorteo e publicarase a orde de saída

UBICACIÓN SAÍDA, TRANSICIÓN E META

A secretaría, a area de transición, saída e meta da proba estarán situadas na "Pista Multiusos" situada na Avda. Mestre Manuel Gómez Lorenzo.

Coordenadas 42.773555, -8.485476

SERVIZOS

polideportivo municipal de vedra:

vestiarios, duchas e aseos. Coordenadas 42.773046, -8.483207

pista multiusos

secretaría e gardarroupa

Coordenadas 42.773555, -8.485476

RECOLLIDA DE DORSAIS

Na Secretaría da proba entre as 12:00 e as 16:00

HORARIOS DA COMPETICIÓN

Posta en marcha do reloxos as 15:00

Saída do primeiro equipo as 15:01

Saída do último equipo as 18:00

(Os horarios poderán adaptarse en función do número de equipos)

CONTROL DE MATERIAL

apertura as 13:00

Ocean Lava Galicia Promoción 2019: peche 14:45

Ocean Lava Galicia Open 2019: peche 14:45

Ocean Lava Galicia feminino e campionato galego feminino 16:30

Ocean Lava Galicia masculino e campionato galego masculino 17:00

os compoñentes de cada equipo deberan pasar o control todos a vez e será obrigatorio portar licenza ou DNI.

(os horarios poderán sufrir pequenas modificacións en función do número de equipos)

REUNIÓN TÉCNICA

11:30 HORAS. No centro Sociocultural de Vedra. A Carón do pavillón.

CLASIFICACIÓNS

Ocean Lava Feminina

Ocean Lava Masculino

Ocean Lava Open Masculino

Ocean Lava Open Feminina

Ocean Lava Promoción Masculino

Ocean Lava Promoción Feminina

Campionato galego por equipos masculino

Campionato galego por equipos feminino

TROFEOS E PREMIOS



Ocean Lava

1º equipo masculino e feminino	100 €	trofeo
2º equipo masculino e feminino	90 €	trofeo
3º equipo masculino e feminino	80 €	trofeo

Ocean Lava Open

1º equipo masculino e feminino	trofeo
2º equipo masculino e feminino	trofeo
3º equipo masculino e feminino	trofeo

Ocean Lava Promoción

1º equipo masculino e feminino	trofeo
2º equipo masculino e feminino	trofeo
3º equipo masculino e feminino	trofeo

Campionato galego por equipos

1º equipo masculino e feminino	100 €	trofeo
2º equipo masculino e feminino	90 €	trofeo
3º equipo masculino e feminino	80 €	trofeo

ENTREGA DE TROFEOS

19:15 HORAS

CRONOMETRAXE

A proba contará con cronometraxe electrónico.

NORMAS DE COMPETICIÓN

A carreira rexerese segundo as normativas vixentes do Regulamento Oficial de Competición vixente da Federación Galega de Tríatlon e da Federación Española de Triatlón.

<http://fegatri.org/federacion/estatutos/regulamentos/>

CÁMARA DE CHAMADAS E SAIDA:

Os equipos deberán estar na cámara de chamadas **5 minutos antes** da hora asignada para a súa saída

Os equipos tomarán a saída coa separación establecida polo Delegado Técnico da proba. O horario de saída de cada equipo será establecido e publicado unha vez pechada e confirmada a inscrición e salvo causa organizativa de forza maior non se modificará baixo ningún concepto.

Na proba Open primeiro sairán os equipos femininos e despois os masculinos.

ORDEN DE SAIDA E SEPARACIÓN ENTRE PROBAS:

Dende a posta en marcha do reloxos cada 1' sairá un equipo

Haberá unha separación mínima de 10' nos seguintes casos:

Entre o último equipo do Ocean Lava Open e o primeiro equipo do Ocean Lava feminino.

Entre o último equipo do Ocean Lava feminino (campionato galego) e o primeiro do Ocean Lava masculino.

ORDE DE SAÍDA

Equipos Ocean Lava promoción femininos
Equipos Ocean Lava promoción masculinos
Equipos Ocean Lava Open femininos
Equipos Ocean Lava Open masculinos
Equipos Ocean Lava femininos
Equipos Campionato Galego femininos
Equipos Ocean Lava masculino
Equipos Campionato Galego masculino

Dentro desa orde, en cada grupo 1), 2), 3) entre os equipos efectuarase un sorteo. O equipo que saia agraciado será o último en saír en cada grupo, o penúltimo en saír será o seguinte equipo por orde alfabético e así sucesivamente.

Na proba Open os equipos B serán os últimos en saír, sendo precedidos polos C, os D e así sucesivamente. Os equipos pertencentes a un mesmo club deberán saír cunha separación mínima de 2 minutos (nese caso intercalárase un equipo de outra entidade).

O Luns 4 de marzo publicarase a orde de saída.

ORDE DE SAÍDA NO CAMPIONATO GALEGO:

Terase en conta o Campionato Galego de equipos de 2018. Sendo o 1º clasificado masculino e o 1º clasificado feminino os últimos en saír de cada carreira, o 2º e 2ª os penúltimos e así sucesivamente.

<http://fegatri.org/wp-content/uploads/2018/02/Clasificaci%C3%B3ns-Cto-Galego-Duatl%C3%B3n-Contrareloxo-por-Equipos-Vedra-2018.pdf>

Os equipos participantes no campionato galego feminino e no campionato galego masculino que non teñan ranking, sairán xusto antes dos ranqueados, en cada campionato galego respectivamente, efectuando un sorteo idéntico ao dos demais grupos.

PROCEDEMENTO DE SAÍDA

Cada equipo tomará a saída en conxunto e ao completo, na hora establecida.

Os equipos que tomen a saída con retraso deberán esperar a que o oficial de saída lles permita iniciar a competición, nunca a menos de 30 segundos do equipo anterior e a súa hora de saída para ter en conta nas clasificacións será a que tiñan asignada.

CICLISMO

O equipamento permitido será o mesmo que o das competicións nas que non se pode ir a roda.

A circulación será obrigada pola dereita.

Está permitido ir a roda entre os compoñentes do mesmo equipo.

Se un equipo alcanza a outro, non pode situarse a roda, nin diante do equipo alcanzado.

Durante os adiantamentos os equipos manterán a distancia lateral de 2 metros.

Despois dos adiantamentos o equipo adiantado deberá retrasarse ata unha distancia de 25 metros detrás do equipo que o superou.

equipo que intentando adiantar non o acade, deberá retrasarse tamén 25 metros. Se é necesario un oficial pode obrigar a manter esas distancias.

Os deportistas descolgados do seu equipo non poderán ir á estela nin preceder a ningún outro equipo ou deportista descolgado.

No caso de que un ou mais integrantes do equipo se atopen descolgados a máis de 30 segundos do seu equipo deberán abandonar a competición.

Os compoñentes dun equipo poden axudarse entre si, (por exemplo coas reparacións, avituallamento, empuxando, etc.) pero sen a axuda de elementos externos de competición.

CARREIRA

Os compoñentes dun equipo poden axudarse entre si, pero sen a axuda de elementos externos á competición.

No caso de que un ou mais integrantes do equipo se atopen descolgados a máis de 30 segundos do seu equipo deberán abandonar a competición.

ÁREA DE TRANSICIÓN

A área de transición incluirá unha zona de espera, próxima á saída da mesma, onde os deportistas poderán esperar aos outros compoñentes do equipo.

Os equipos non poderán saír ata que estean presentes ao menos 4 dos seus compoñentes.

5º e 6º compoñentes terán unha marxe de 30 segundos para abandonar a área de transición. Pasado este tempo non poderán saír ao seguinte sector.

CRONOMETRAXE E RESULTADO

tempo do equipo será o do cuarto deportista que chegue á meta.